

# A avoa Lola plantaba arroz con leite

**Cartas do terceiro día** · Marcos S.  
Calveiro · Espiral Maior · 43 páx. · 16 euros

O premio de poesía do Concello de Carral foi, no 2005, para un autor sen obra publicada até este ano, fóra do dixital, Marcos S. Calveiro, non por acaso supoñemos apelido materno, co libro *Cartas do terceiro día*.

Na colección de literatura xuvenil de Tambo saíu a novela *Sari, soñador de mares*, onde sabemos dos ventos e dos escachos con pirixel que este non compartiu co mestre Sinbad. Agora chéganos na colección de poesía de Espiral Maior un poemario composto por vinte e nove cartas: en páxina par unha da nai e en páxina impar unha das irmás-compañeiras, dirixidas á quen puido ser a derradeira falante do nuxu. Esta lingua, un sistema de comunicación exclusivo das mulleres dun anaco da China interior (dise que anterior á revolución cultural), é case descoñecida: a sociedade impedíalles o acceso ao coñecemento escrito na variante lingüística que os homes aprendían na escola.

As cartas do terceiro día entregábenselle á noiva logo de casar, cando marchaba vivir á casa do home, e eran a memoria agochada das xeracións de mulleres que a precederon. Nelas recollíanse consellos para a vida futura así como a mágoa pola separación. Se o detallamos é porque aquí se poden ver trazos transversais da creación popular e da tradición, grafada ou non, de moitas culturas, tamén da nosa, desde as amigas do medievo até o «solteiriña non te cases / aproveita a boa vida / que eu ben sei dunha casada / que está moi arrepentida».

Marcos S. Calveiro realiza aquí un exercicio de achegamento a este mundo da China rural no que

é inevitábel ver unha alegoría da desaparición da cultura tradicional, incluída a que nos toca, ou mesmo concretamente desa, das súas formas de vida, das palabras para nomear obxectos que hoxe calquera coñecedora da Europa campesiña fai lexitimamente por esquecer.

Porque queremos esquecer o patriarcado e o conservadorismo que a atravesas:

*que todo na vida ten o seu tempo / unha cadencia e un ritmo constantes / que nin ti nin eu trocaremos / por moito que porfiemos / malia que haxa contrapunto: / Se te conformas e te rendes, / axeonllada para sempre ficarás / e baixo as zocas de teu home / xamais voltarás falar, / pensar ou matinar.*

porque ruralismo é ruralismo aquí e na prefectura de Jiang Yong, e quizais o único que deberamos permitirnos é o de «comisións labregas / en todas as aldeas»:

*Abrocharán as brancas amendoeiras / mentres medra o liño nos regueiros, / chegarán, / a arrincada e as cantigas da ripa / a tras empozar os feixes para que cozan / pasarán / corenta días corenta, / a maza, o tendal e a deluva*

E lembramos o liño de María no Manselle de Anxo Angueira, a Xohana Torres da avoa Lola, «cachaebamos no río pelouriños para xogar ás tabas / eu que nunca viaxeí con meu pai en moto» en *Fascinio*, e mais aquela «que sobe a encosta de Cortiña Grande / pasado Castromau / coberta co pano rameado e sobre o pano a molida e sobre a molida a canastra», e a cousa non dá.

// Ana Salgado